

## ANUNCIO LICITACION.

### 1. Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Concello de Vila de Cruces. Pontevedra.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Secretaría.
- c) **Número de expediente:** 1120/2023.

### 2. Obxeto do contrato.

- a) **Descrición do obxeto:** Arrendamento de solares destinados a aparcamentos públicos con motivo das obras na Rúa Vázquez.
- b) **Duración do contrato.** 12 meses.

### 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** Ordinaria.
- b) **Procedemento:** Concurso público con pluralidade de criterios de adxudicación.

### 4. Perfil do contratante e Taboleiro de Anuncios.

- a) **Perfil do Contratante:** [www.viladecruces.es](http://www.viladecruces.es)
- b) **Taboleiro de Anuncios electrónico:** <https://viladecruces.sedelectronica.es/info.0>

### 5. Orzamento base de licitación.

- a) **Prezo base de licitación sen IVE:** 0,28 euros mensuais/m2.
- b) **Importe máximo do contrato sen IVE:** 798,28 euros mensuais.
- c) **Importe contrato:** 11.591,02 € (9.579,36 € + 2.011,66 € IVE).

### 6. Acreditación aptitude para contratar.

#### a) Capacidade:

a) En canto a persoas **físicas**, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) En canto a persoas **xurídicas**, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

### 7. Presentación de ofertas e documentación administrativa.

a) **Lugar e prazo de presentación de ofertas:** As ofertas presentaranse no Concello con domicilio en Plaza de Xoan Carlos I s/n, en horario de 9-13 horas, dentro do prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación. As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### b) Contidos das proposicións:

- **Sobre A. Documentación administrativa.**



- Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario, e no seu caso, a representación.
- Declaración responsable de non estar incurso na prohibición de contratar (Anexo I).

**- Sobre B. Proposición económica e documentación técnica.**

- Oferta económica (Anexo II).
- Documentación acreditativa da titularidade do inmueble que se propón para o seu aluguer.

## 8. Criterios de adxudicación.

### A. Criterios cuantificables automaticamente, puntuaranse en orde decrecente:

**1- UBICACIÓN:** Valorarase con 50 puntos se a parcela esta situada fronte á Rúa Vázquez. No resto de casos atendendo á distancia na que se atope a puntuación será:

- (0- 5 m). (30 puntos).
- (6- 50 m). (24 puntos).
- (51- 100 m). (18 puntos).
- (101- 150 m). (12 puntos).
- (151- 200 m). (6 puntos).

**2- PREZO:** Valorarase cun máximo de 20 puntos a oferta que realice a maior baixa respecto do prezo base de licitación. As restantes ofertas recibirán unha puntuación inversamente proporcional respecto da mellor oferta.

### 9. Apertura de ofertas.

A Mesa de Contratación constituirase ao terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12 horas, e procederá á apertura do sobre «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos. Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo de 3 días hábiles para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observadas na documentación presentada. Finalmente, procederá á apertura e exame dos sobre B, que conteñen as ofertas económicas e os documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación. Tras a lectura de devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego. Á vista da valoración dos criterios a Mesa de Contratación propondrá ao adxudicatario do contrato.



#### **10. Formalización do contrato.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

#### **11. Pago.**

O pago do arrendamento do inmovible por parte do Concello efectuarase cunha periodicidade mensual e previa presentación da factura correspondente. O Concello efectuará transferencia bancaria á conta que sinale o licitador.

#### **12. Réxime xurídico do contrato.**

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O ALCALDE.  
LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

